



**CONCELLO  
DE VIGO**



# GUÍA

## Cemiterios Municipais de Vigo

Guía editada polo Concello de Vigo





BEADE

Camiño Costa, s/n


**Coordenadas GPS:**  
N 42° 11' 33.523"/O 8° 42' 23.465"



BEMBRIVE

Camiño Cemiterio, s/n

**Coordenadas GPS:**  
N 42° 12' 18.929"/O 8° 41' 16.733"



CABRAL

Baixada Igrexa, s/n


**Coordenadas GPS:**  
N 42° 13' 26.094"/O 8° 39' 25.098"



CANDEÁN

Rúa San Cristovo, 122

**Coordenadas GPS:**  
N 42° 14' 30.795"/O 8° 39' 55.002"



ILLAS CÍES

Illa do Faro

**Barcos:** Semana Santa, fins de semana e días festivos de maio, e os meses de xuño, xullo, agosto, setembro. Consultar navieras.



LAVADORES

Subida ó Cemiterio, 84


**Coordenadas GPS:**  
N 42° 12' 57.658"/O 8° 40' 21.105"



TEIS

Rúa Angel de Lema y Marina, 138


**Coordenadas GPS:**  
N 42° 15' 18.022"/O 8° 40' 46.288"



PEREIRÓ

Avenida Castrelos, 214

**Coordenadas GPS:**  
N 42° 12' 32.589"/O 8° 44' 1.186"



ZAMÁNS

Carretera Igrexa, s/n

**Coordenadas GPS:**  
N 42° 09' 27.5"/O 8° 41' 22.4"



**SERVIZO DE CEMITERIOS. Concello de Vigo, Praza do Rei 1 Soto 2. Tel.: 986 810 112.**

**Horario dos cemiterios:** Mañá, de 9:00 a 13:00 horas; tarde, de 15:15 a 18:30 horas. **Días de visita:** toda a semana.

# Os cemiterios na historia da cidade

A historia da cidade dos mortos empeza en 1787, cando o Rei Carlos III prohibe os enterramentos no interior dos templos e recomenda levarlos a espazos ventilados para evitar epidemias. A esta medida hixiénica opúxose a Igrexa e a maioría da poboación, ancoradas nunha visión medieval da transcendencia: a proximidade ao altar do morto era unha garantía dun bo tránsito cara á eternidade e aseguraba o recordo (e o prestixio) entre os vivos. Ao longo do século XIX, créase o Vigo moderno e constrúense os primeiros cemiterios municipais. En 1862, derribanse as murallas da cidade, que ten 8.212 habitantes. En 1870, apróbase a urbanización das terras lindeiras á Alameda mediante recheos. En 1872 proxéctase o primeiro peirao e embarcadoiro, e en 1876 os barcos que van e veñen a América do Sur fan escala na cidade. Cando acaba o século, Vigo ten 23.259 habitantes e viu multiplicarse o número de fundicións, talleres, fábricas de salgadura... Os cemiterios existentes son insuficientes: **Picacho** é pequeno (4.600 m<sup>2</sup>), e no de **Santiago** os terreos sempre están húmidos.



En 1889 a Corporación Municipal aproba o cemiterio de **Pereiró** (67.750 m<sup>2</sup>), moderno e hixiénico, á altura da próspera cidade. Durante o século XX, incorpóranse as parroquias do vello Concello de Lavadores e con elas os seus cemiterios. En 1940 a cidade ten 85.272 habitantes e no 2013 acada os 297.479 habitantes. A historia de Vigo continúa, a dos vivos e os mortos.



## O patrimonio artístico e cultural

O cemiterio de Pereiró foi concibido e construído como un **"cemiterio-cidade"**, segundo o canon dominante na época, que reproduce a división social e cuxo modelo máis celebrado e coñecido é o cemiterio de Père Lachaise de París: cunha **avenida principal que é o corazón** e onde se sitúan os **mausoleos e panteóns**, e rúas paralelas e perpendiculares, de maneira que canto máis exterior, máis populares son os nichos e tumbas. O primeiro proxecto de Pereiró asinouo o enxeñeiro **Fernando García Arenal**, fillo de doña Concepción Arenal, e o definitivo é obra do arquitecto Jenaro de la Fuente.

Pronto, **en 1898**, ten lugar o primeiro enterramento: o do neno de once anos Xosé Rodríguez Rodríguez. A próspera burguesía vinculada ás industrias portuarias e conserveras da cidade e os indianos que fixeron fortuna en América constrúen fermosos panteóns que encargan a **arquitectos, canteiros e escultores de renome** e logo traen os restos dos seus familiares enterrados en Picacho. Aquí deixan a súa última pegada na cidade. Pereiró é hoxe un museo das tendencias arquitectónicas e artísticas de finais do século XIX e primeiras décadas do século XX, e ata posteriores. Imperan no cemiteiro o **neoclasicismo** e as linguaxes neomedievais, interpretados cun gran **eclecticismo** por mestres como os arquitectos **Manuel Gómez Román, Francisco Castro e Michel Pacewicz**, entre outros, que asinan algunhas das instalacións máis excelentes, pero tamén poden verse extraordinarios templos modernistas, como o de **Jenaro de la Fuente**, racionalistas...



## O patrimonio artístico e cultural

Entre as obras destacan o mausoleo de cantería de granito dedicado ao mecenas **José García Barbón**, un sarcófago coroado por un **obelisco** cunha decoración neobarroca. O obelisco, como forma e símbolo, procede de Exipto, pero foi adoptado na arte funeraria europea para representar a "ascensión" aos ceos e a gloria. Como o obelisco dedicado a unha das grandes figuras da historia de España, **Concepción Arenal**, cuxas cinzas están gardadas no mausoleo. Non menos valioso é o mausoleo clasicista do empresario **Policarpo Sanz**. Un pequeno templo que recorda aos enterramentos no interior das igrexas, con dúas columnas toscanas aos lados e rematado por un frontón triangular e unha sinxela cruz. Neoclásicos son tamén o panteón da **familia Carreras**, cun sarcófago no que colgan unhas grilandas como símbolo da brevidade da beleza; e o mausoleo da familia do empresario **Antonio Alonso Santodomingo**, rematado por un facho ardendo como metáfora da Palabra de Deus que ilumina o camiño cara a eternidade. Máis contido é o panteón da familia do político **Manuel Diego Santos**, unha obra que remata cun frontón triangular rebaixado no que se pode ver o monograma de Cristo franqueado das letras alfa e omega, como principio e fin. Un pequeno obelisco recorda ao inventor **Antonio Sanjurjo Badía**, nun mausoleo no que sobresaie a escultura da "muller doente", de mármore branco. Máis tardío é o panteón da **familia de Manuel Pérez**, obra de 1939 que reproduce o esquema dun templo clásico. E o máis recente dos grandes mausoleos é o do empresario de cine **Cesáreo González Rodríguez**, un corpo cúbico clásico cun moderno pórtico nun dos lados e un baixorrelevo de grandes dimensións que representa o Descendimiento de Cristo.



## Personaxes da nosa historia




Na igrexa de Pereiró están enterrados **Fernando Quiñones de León e Elduayen**, marqués de Mos e de Valladares, e a súa muller; **Concepción Arenal**, penalista e defensora dos dereitos sociais; o adinerado benefactor **José García Barbón**, o heroe da guerra da Independencia Bernardo González do Val (**Cachamuíña**); **José Elduayen Gorriti**, ministro que aboliu a escravitude en España; e o pensador **Ricardo Mella**. Aquí repousan industriais da conserva de peixe, como **José Barreiras Massó, Bernardo Alfageme, Venancio Albo, José Curbera e José Vieira Fernández**. E tamén, a poetisa **Margarita Losada**, primeira representante feminina no Concello de Vigo (1927); **Ángel de Lema y Marina**, fundador do diario *Faro de Vigo*; **José Humberto Baena Alonso**, fusilado en 1975; **Cesáreo Corbal Lema**, o médico dos pobres... E xunto a eles, xacen en Pereiró e nos outros cemiterios do municipio xentes humildes que, co seu traballo, labraron o destino da cidade portuaria e fabril de Vigo.



### Xardín da Memoria

No cemiterio de Pereiró tiveron lugar episodios tráxicos como os fusilamentos en 1936 de líderes e militantes sociais e políticos republicanos, como **Heraclio Botana**, cuxa memoria recorda un monumento no Xardín da Memoria; **Emilio Martínez Garrido**, alcalde de Vigo, **José Antela Conde**, que foi alcalde de Lavadores, **Antonio Bilbatúa, Ignacio Seoane e Apolinar Torres**, entre moitos outros que foron asasinados e arroxados a unha fosa común por defender a democracia. O Xardín atópase no **cemiterio civil**, donde pódense ver tamén as tumbas de **falecidos de confesións non católicas**, como a dun soldado alemán da primeira guerra mundial, protestante; varios soldados marroquís das tropas de Franco, musulmáns; e un comerciante de orixe ruso asentado en Vigo, xudeu.





CONCELLO DE VIGO

